



Rematado o acto visitamos un edificio contiguo con comedor e tres habitacións: nunha delas os máis pequenos podían durmir despois de comer; nas outras había xogos de mesa. Os que non están alí xogan no patio de recreo no que hai un aparcadoiro cuberto para bicicletas, instalacións deportivas e mesas de ping-pong ó aire libre (nin un papel polo chan, seguindo o exemplo de limpeza das rúas dos pobos).

Outro día, xunto con dous profesores ingleses, visitamos as clases sen previo avis. Cando chegabamos ás portas das clases non sabíamos se alí se estaban impartindo clases ou estaban desocupadas, porque estaban en total silencio, traballando todos: Non había voces altas, a quenda de palabra era respectada, ningún entorpecía ós demais e os cadernos estaban moi ordenados e limpos.

Nas saídas para o recreo ou para a casa, teño que destacar a orde con que baixan polas escaleiras, (alí non se sinte ningún berro), a forma de poñerse en fila para coller o autobús urbano, esperando sempre dentro do recinto escolar e ao parar este, van dun en un, sen correr nin alborotar.

As entradas fanas da mesmo xeito: os pais so os levan ata a entrada do edificio, sen entrar dentro do mesmo, facilitando sempre o labor do profesorado.

Foi unha visita moi positiva, na que hai que destacar non soamente o trato/ atencións recibidas da dirección/claustrado da escola anfitriona de Feerbellin (Alemaña), das autoridades locais ... senón tamén o intercambio de experiencias educativas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Relacionado tamén co proxecto fíxose unha visita a unha importante granxa ecolóxica, na que persoas con distintas discapacidades traballaban en agricultura e gandería, así como na elaboración dos produtos derivados do seu traballo, para a súa posterior comercialización.



A proximidade da Grundshule de Feherbellin con Berlín, tamén nos permitiu realizar unha pequena excursión á capital de Alemaña.

